



**Concello de Vigo**  
 XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO  
 PLANEAMENTO E XESTIÓN

**EXPEDIENTE:** 5180/401  
**ASUNTO:** Ordenanza reguladora do Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras do Concello de Vigo

**RESOLUCIÓN DA VICEPRESIDENTA DA XMU**

Vistas as competencias atribuídas á Administración local nos artigos 2, 12 e concordantes da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia en materia de xestión urbanística.

Vista a regulación da iniciativa regulamentaria contida no artigo 75 e seguintes do Regulamento orgánico regulador do Pleno do Concello de Vigo (A.D. Pleno do 30.05.2016; BOP núm. 114 do 15.06.2016).

Vistas as funcións instrumentais asumidas estatutariamente pola Xerencia Municipal de Urbanismo en materia de xestión urbanística.

Considerando que o día 27.04.2017, a Xunta de Goberno Local acordou abrir o trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, para a elaboración e aprobación da Ordenanza reguladora do Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras do Concello de Vigo por prazo de vinte días.

Considerando que o día 02.08.2017, o Xefe do Servizo de Administración electrónica informou que o devandito período de consulta abriuse con data 05.05.2017 e pechouse sen que foran recibidas achegas ou suxestións.

Considerando a normativa de aplicación e, particularmente, o disposto no artigo 322.6 do RLSG, ao abeiro das competencias atribuídas por Resolución 06.07.2015 do Alcalde-Presidente e dos artigos 5º e 6º dos Estatutos da XMU, DISPOÑO:

**PRIMEIRO:** Ordenar a elaboración da Ordenanza reguladora do Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras do Concello de Vigo e encomendar estes traballos, así como a súa tramitación, á Oficina de planeamento e xestión.

**SEGUNDO:** Notificar esta Resolución á Oficina de planeamento e xestión da XMU para o seu coñecemento e oportunos efectos.

Vigo, na data da sinatura electrónica.

A VICEPRESIDENTA DA XMU  
 (P.D., Resolución Alcaldía do 06.07.2015)

DOU FÉ: O SECRETARIO DA XMU

Mª. JOSÉ CARIDE ESTÉVEZ

JOSÉ RIESGO BOLUDA



Copia auténtica - Xerencia de Urbanismo - Vigo	Data impresión: 06/03/2018 14:24	Páxina 1 de 1
DOCUMENTO URBANISMO	CSV: 2BE54-D8A58-AB8B8-AE322	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		